

PROGRAMA-ALFAROLEIROS 2020

Mércores 5 de agosto ás 22.15 horas

Proxección *Asterix: o segredo da poción máxica*

Praza Esther Pita, Santa Cruz

Título orixinal: Astérix: Le secret de la potion magique

Ano: 2018

Duración: 86 min

País: Francia

Dirección: Alexandre Astier, Louis Clichy

Guión: Alexandre Astier (Cómic:René Goscinny, Albert Uderzo)

Música: Philippe Rombi

Animación: David Dulac

Sinopse: Tras sufrir unha caída recollendo visgo, Panoramix decide que chegou a hora de asegurar o futuro do pobo. Acompañado por Asterix e Obelix, emprende a procura dun talentoso druída ao que quere transmitir o segredo da poción máxica.





Concello de
Oleiros



Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Xoves 6 de agosto de 12.00 a 14.00 horas

Demostración de torno

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Alfaroleiros é unha feira de olaría onde, ademais de mercar as producións dos oleiros de toda España, podes gozar de demostracións en vivo destes artesáns. Achégate a descubrir a súa maneira de traballar, sorprenderte!



Xoves 6 de agosto ás 20.00 horas

Concerto Punkinfantil, de Peter Punk e Brais das Hortas

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Elenco: Isaac Rodríguez Miranda “Peter Punk” e Brais das Hortas

Xénero: música ao vivo, circo, malabares, humor, clown

Público: infantil e familiar

Idioma: galego

Duración: 60 min

Sinopse:

Punk para nenas? Por que non!? E logo? Que hai máis punk ca unha nena?
O punk é rebeldía, é pensar por ti mesma. Do it Yourself!! Faino ti ao teu xeito!!
Como poidas, como queiras e como che preste!

O punk é ir a contracorrente, non ser coma a maioría porque cada unha de nós é diferente. O punk é berrar, rir, facer pis... e tamén escribir as túas propias cancións, facer a túa banda, atopar a túa personalidade. O punk é protestar. Quen non chora non mama!! Sabemos o que queremos, sabemos o que non queremos e estamos dispostas a chorar, cagar e patexar!! Se non podemos xogar, non é a nosa revolución!!

Un cantante punk e un cantante infantil condenados a compartir escenario acaban creando un delirio musical chamado “Concerto PunkInfantil”. Tras descubrirse e recoñecerse van confluindo, progresivamente, nun espazo común dando como resultado este espectáculo musical e de clown para todos os públicos, no que está presente o concepto punk máis alá dos aspectos máis superficiais, vencellado co mundo infantil e as inxedanzas da infancia.



Xoves 6 de agosto ás 22.15 horas

Proxección *O que arde*

Praza Esther Pita, Santa Cruz

Ano: 2019

Duración: 89 min

País: España

Dirección: Oliver Laxe

Guion: Santiago Fillol, Oliver Laxe


Fotografía: Mauro Herce

Reparto: Amador Arias, Benedicta Sánchez

Coproducción: España-Francia-Luxemburgo

Xénero: drama/vida rural

Sinopse: Ninguén espera a Amador cando sae do cárcere tras cumprir condena por ter provocado un lume. Regresa á súa casa, unha aldea perdida das montañas lucenses, onde volverá convivir, ao ritmo sosegado da natureza, coa súa nai, Benedicta, a súa cadela Lúa e as súas tres vacas.



Venres 7 de agosto de 12.00 a 14.00 horas

Demostración de pintura

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

A técnica de decoración das olerías toledanas de Talavera de la Reina e Puente del Arzobispo foron declaradas Patrimonio Inmaterial da Humanidade en 2019.

Achégate ao Parque Luis Seoane para asistir a unha demostración do seu xeito de traballar!



Venres 7 de agosto de 18.00 a 20.00 horas

Concerto participativo “Testus” de Ernest Martínez

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Artista: Ernest Martínez

Xénero: obradoiro musical

Público: todos os públicos

Duración: 15 minutos por grupo de 11 participantes

Sinopse: “Testus” é un concerto diferente, xa que o público converterase nunha parte esencial da orquestra.

O músico Ernest Martínez, coa axuda de grupos de 11 persoas que se acheguen a participar nesta experiencia musical, crearán sorprendentes melodías empregando como instrumentos musicais testos de barro.



A actividade ten unha duración de dúas horas e nela poderán participar persoas de todas as idades que teñan ou non coñecementos musicais e grupos de 11 persoas cada 15 minutos. Contamos coa túa participación!



Venres 7 de agosto ás 20.00 horas

A tropa do doutor Milagre, Inventi Teatro

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Dirección e dramaturxia: Inventi Teatro

Elenco: Bea Campos, Marcos Alonso e Paulo Medal

Escenografía: Sr. Sagüillo

Vestiario: Ali Otero

Xénero: teatro de rúa

Público: todos os públicos

Duración: 45 minutos

Sinopse: Un explosivo espectáculo de teatro de rúa onde maiores e pequenos poderán probar de primeira man os “efectivos” produtos do Doutor Milagre. Non ten pelo? Alopecia? Síntese débil e decaído? Sen apetito... de ningún tipo? Probe os produtos do Doutor Milagre: Escumosos xampús, elixires fertilizantes ou inxeccións máxicas... Proximamente a súa vila encherase de diversión e alegría coa chegada do Expreso do Doutor Milagre. Agoniado polas débedas e impulsado por unha necesidade imperiosa de facer fortuna este atolado médico/inventor toma unha arriscada decisión: facerse cun autobús abandonado para convertelo nun auténtico show de venda ambulante. Para esta aventura estará acompañado do seu fiel axudante, o pequeno Miñoca e a exuberante Madame Bobarí. Música, improvisación, xogo, baile, diversión, comedia, maxia e moito máis neste delirante espectáculo de rúa.





Concello de
Oleiros



Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Venres 7 de agosto ás 22.30 horas

Concerto SÉS

Praza Esther Pita, Santa Cruz

Elenco:

María Xosé Silvar "Sés": guitarra, percusión e voz

Tito Calviño: guitarras

Sabela Galbán: coros, frauta, gaita, acordeón e percusión

Fernando Fraga: baixo

Xabier Cid: batería e percusión

Rebeca Rama. coros e percusión

Lucía Cela: coros e percusión

Público: todos os públicos

Duración: 80 minutos

Sinopse:

SÉS presenta un novo traballo discográfico co que segue evolucionando o seu particular son que a consagrou no máis alto, e no que se inclúen unha escolma de cancións con letra e música composta pola propia cantora.

Un sétimo disco que mantén e potencia a súa valente mensaxe, e no que percorre América de norte a sur, todo filtrado pola súa alma de cantareira. SÉS vén de converterse nunha das artistas de maior éxito en Galiza polo seu carisma e discurso así como pola forza e calidade das súas cancións, que sen dúbida levarana a conquistar outros territorios.





Sábado 8 de agosto de 12.00 a 14.00 horas

Concerto participativo “Testus” de Ernest Martínez

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Artista: Ernest Martínez

Xénero: obradoiro musical

Público: todos os públicos

Duración: 15 minutos por grupo de 11 participantes

Sinopse: “Testus” é un concerto diferente, xa que o público converterase nunha parte esencial da orquestra.

O músico Ernest Martínez, coa axuda de grupos de 11 persoas que se acheguen a participar nesta experiencia musical, crearán sorprendentes melodías empregando como instrumentos musicais testos de barro.

A actividade ten unha duración de dúas horas e nela poderán participar persoas de todas as idades que teñan ou non coñecementos musicais e grupos de 11 persoas cada 15 minutos. Contamos coa túa participación!



Sábado 8 de agosto de 19:00 a 21:00 horas

Obradoiro: “O Barro nas túas mans”

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Monitores: Terralume

Xénero: obradoiro participativo

Público: adulto e familiar

Duración: 20 minutos por grupo de 10 participantes

O obradoiro “O Barro nas túas mans” ofrece a posibilidade de experimentar coas técnicas dos oleiros. E ademais explicaranse cales son as formas básicas da nosa olería.

Despois de participar neste obradoiro serás quen de distinguir unha ola de Niñodagua dun porrón de Moveros!

Por mor da situación derivada da crise sanitaria do COVID-19, a actividade estará limitada a 10 participantes en quendas de 20 minutos cada unha. Para participar na mesma é preciso anotarse previamente no posto de información. A inscrición abrirase ás 18:00 h.





Concello de
Oleiros



Sábado 8 de agosto ás 22.30 horas

Concerto do grupo Blues do país e o sindicato da verbena

Praza Esther Pita, Santa Cruz

Elenco: Iseo Agilda, Brais das Hortas, Martiño Mato, Manuel Alonso e Gustavo Agassi

Xénero: música en directo, teatro, clown

Público: adulto e familiar

Idioma: galego

Duración: 60 min

Xuntos versionamos clásicos do Blues, Soul, Rhythm'n'Blues... e adaptámoslos á idiosincrasia e retranscra galegas. E dá gusto! Si, señora! Blues en galego! Todo iso é posible con Blues do País.

Música de calidade, en galego, mesturada con teatro, clown e improvisación. Enerxía e entrega total en cada directo e unha discografía coidada no breve percorrido deste dúo galaico-mississipeño.





Domingo 9 de agosto de 12.00 a 14.00 horas

Demostración de torno

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Alfaroleiros é unha feira de olaría onde, ademais de mercar as producións dos oleiros de toda España, podes gozar de demostracións en vivo destes artesáns.

Achégate a descubrir a súa maneira de traballar, sorprenderte!



Domingo 9 de agosto ás 20.00 horas:

Paporrubio

Parque Luis Seoane, Santa Cruz

Elenco: Luís Iglesias “Luchi” e Carlos Quintá (Acompañamento musical)

Xénero: monicreques e música en directo

Público: familiar

Idioma : galego

Duración: 45 minutos

Sinopse: O Paporrubio nace en Lalín no ano 2013 da man de Luchi Iglesias. A súa personalidade enredante e argalleira fixo que desde moi novo se interesase polas formas de diversión da xente, o que unido ao seu traballo de actor, monicrequeiro e escenógrafo deu como resultado O Paporrubio.

Este é un proxecto que xira ao redor dos xogos populares, sempre á procura da súa revitalización a través da inclusión de elementos teatrais, musicais e plásticos, pero que non esquece o que de lúdico e comunitario teñen de por si os xogos tradicionais.

Nesta ocasión trátase dunha peza de monicreques e música en directo na que empregan o propio boneco Paporrubio pero en formato escénico e sen xogos.





Concello de
Oleiros



Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Domingo 9 de agosto ás 22.15 horas

Proxección: Os futbolísimos

Praza Esther Pita, Santa Cruz

Ano: 2018

Duración: 95 min

País: España

Dirección: Miguel Ángel Lamata

Guión: Pablo Fernández, Miguel Ángel Lamata. (Libro: Roberto Santiago)

Música: Fernando Velázquez

Fotografía: Teo Delgado

Reparto. Julio Bohigas-Couto, Carmen Ruiz, Joaquín Reyes, Milene Mayer, Jorge Usón, Toni Acosta, Norma Ruíz, Gerald B. Filmore, Antonio Pagudo, Nacho Rubio, Carlota Callén, Marcos Milara, Iker Castiñeira, Pablo Isabel, Samantha Jaramillo, Daniel Crego, Roberto Rodríguez, Martina Cabrera, Samuel Miró, Jordi Aguilar.

Xénero: aventuras, comedia, infantil /deporte

Sinopse: Comedia de aventuras protagonizada por unha cuadrilla de nenos e nenas que, por salvar o seu equipo de fútbol, meteranse en todo tipo de problemas nos que o seu enxeño e a súa amizade serán postos a proba. O Soto Alto F.C. é o nome do equipo, e nel xogan, entre outros, Paquete, Camuñas, Angustias, Helena e Toni. Todos teñen unha misión fundamental: ganar os dous vindeiros partidos para evitar que a asociación de nais e pais de alumnos peche o club. Se baixan a segunda, acabouse o equipo.

